

# Klandestina

Nove anos despois da súa primeira data de publicación, Galaxia reedita na súa ecléctica colección "Literaria" esta historia de rancores enquistados e de monstros precisos de cariño, gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro 1997.

Ambientada nunha cidade imaxinaria -mais, se cadra, debido ao "xogo de espellos en que realidade e imaxinación están perpetuamente empeñadas", ben parecida a outra que ten unha oliveira no seu escudo e un recendo a laranxeiras polas rúas paralelas ao mar-, a trama xira en torno ás campañas promovidas pola Kompañía Klandestina de Kontra-

## Reflexión sobre o diferente



DOLORES MARTÍNEZ TORRES

sacar á luz o que se agocha detrás desas denuncias cun obxectivo en aparencia tan altruista, mais que, porén, responden a un espúreo desexo de vinganza.

Na cidade conviven dous mundos, a habitar "compartimentos estancos que só en contadas ocasións chegan a comunicarse": na superficie, os seres "normais"; os outros, os senca-sa, refuxiados nos túneles do metro e sempre perse-

negra) trátanse outros temas e historias transversais que, probablemente, deixarán máis pouso no lector que a orixinalidade do argumento. A análise do cine de Tod Browning, por exemplo, invita á reflexión sobre o "diferente" -os nós e os eles antes os cales hai que rendir contas; o grupo que aniquila ou que protexe-, ao tempo que incide na morbosidade elevada á categoría de espectáculo. Así mesmo, fálase da natureza do monstro incomprendido que pretende, sen éxito, mostrarse bonda-

S HISTORIAS


TRANSVERSAIS

DEIXAN MÁIS

POUSO QUE A

ORIXINALIDADE D

ARGUMENTO



publicidade (así, cuns combativos *kas* que se perderon nalgún lugar da maquetación do libro), unha organización misteriosa que, con impactantes carteis de elaborado deseño e irónicos slogans, dedícase a denunciar abusos cometidos por entidades que, teoricamente, deberían contribuír ao benestar da sociedade: o metro, os bancos, Facenda, os sectores eléctrico e telefónico, as funerarias, as firmas de alimentación... Ninguén se libra dos dardos da Kompañía e será Seoane, periodista en prácticas no xornal da vila, fervente fan dos vellos filmes de terror e proclive a namorarse dos seres escuros, quen -case ao seu pesar, pois a vida non é coma no cine- se encargue de

guidos. Ambas realidades, poboadas polos seus propios ogros, reis, xoglares e princesas, confluirán nas investigacións de Seoane, centradas finalmente nunha fraude relacionada co aceite acontecida nunha conserveira, moitos anos atrás. Xa se sabe: "as manchas do aceite só se borran coa amargura do fel" e "esas espiñas que non se tiran a tempo acaban por espetarse no corazón".

Alén do proceso da solución ao enigma típico da literatura de detectives, nesta novela (demasiado branca para ser

dosos e sinte pánico ante as hostilidades dos demais... ou daqueloutro oculto no interior de todos que, de socalo, pode tomar as rendas e atacar. Tamén da manipulación das opinións ao servizo de diferentes intereses; da sedución e os perigos da vinganza -que contaxia o vengador da ruindade que combate-; e, no outro extremo, da grandeza das almas que prefiren transformar en dignidade os seus fracasos. A idea da tolemia coma voluntario exilio dunha realidade incómoda ou a confusión -contaxiosa e incerta- entre o papel que representamos mentres pretendemos ser o que non somos co que somos de feito desenvólvense, igualmente, parellas a eses anacos de vida que, entre paixóns e amores imposibles, compoñen un diario escrito, ás veces con fragmentos de fondo lirismo, nas páxinas da cidade.

Por certo, Seoane é unha rapaza. A autora e o personaxe tiran partido do prexuízo que asigna aos homes o emprego do apelido... E é que nunca se debe confundir o xénero co sexo, nin este coa valía.

ALEIXANDRE, Marilar, *A compañía clandestina de contrapublicidade*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 215 páxinas.